

## ***LENDAS SOBRE ALGÚNS SANTUARIOS DA TERRA CHÁ (LUGO).***

**Publicado na Pena do Encanto, nº. 10. IESCHA (Vilalba),2019.**

**AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO**

### ***I.- CONCEPTO DE LENDA E TEMÁTICA.***

A lenda é un relato oral ou escrito, asociado a feitos concretos e transcendentales da realidade, que inclúen unha maior ou menor proporción de elementos imaxinativos. Adoita desenvolverse nun contexto histórico e xeográfico concreto; e divúlgase de xeración en xeración case sempre de forma oral, amosando a miúdo engadidos, modificación e, tamén, omisións segundo a natureza do narrador. Ademais, as lendas tiñan como finalidade mostrar os desexos e temores dunha comunidade, a percepción do seu entorno, a súa identidade.

#### ***Santuario dos Milagres (Saavedra) (Begonte)***

A nivel histórico o concepto “lenda” foi analizado por diversos pensadores entre os que sinalo aos seguintes:

Así, *Taboada Chivite* manifesta “ *que as lendas teñen un fondo certo, nembargantes, anque non falten léndas nas que se atopa un substratum histórico, nalgunhas non hai senón debezos racionalizadores da fantasía, da superstición ou da ciencia arcaicas. En casos, é certo que a lénda abrázase á historia e pódese dicir que pertencendo á tradición popular é de creación individual*”<sup>1</sup>.

Pola súa banda, *González Reboredo* sinala “*...que as lendas teñen un carácter máis utilitario e transcedente, transmitindo conceptos fundamentais da cosmovisión do grupo social no que se xeran e difunden*”<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup>TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páxs. 182-183.

<sup>2</sup>GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Lendas Galegas de Tradición Oral*, Vigo: Galaxia, 1983, páx. 7.

Así mismo, *Cebrián Franco* menciona “ *que la leyenda casi siempre tiene un fondo histórico, pero se reviste de la bella imaginación poética intentando así transmitir un mensaje importante.*”<sup>3</sup> .

Finalmente *Jose Manuel Pedrosa* dice “ *que en la actualidad la palabra leyenda se*



*ha impuesto como nombre de la narración oral o escrita, que presenta hechos extraordinarios como si fueran históricos, reales y vinculados cronológica y geográficamente con una comunidad*”<sup>4</sup> .

***Relicario da Feira do Monte (Cospeito)***

Con respecto a súa temática, tamén cómpre salientar a unha serie de autores, que foron configurando ao longo da historia unha serie de categorías.

---

<sup>3</sup>CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Guía para visitar los Santuarios Marianos de Galicia*. Vol. 2 de la Serie : “María en los pueblos de España”. Ed. Encuentro, Madrid, 1989, pág. 48.

<sup>4</sup>PEDROSA, José Manuel.: *La Leyenda*. Tema 11. Alcalá de Henares. ISBN. 84-9822-110-2

Así, para **Vicente Risco** as lendas poden clasificarse en etiolóxicas, haxiográficas e históricas <sup>5</sup>. Pola súa banda **Leandro Carré** sinala a existencia de lendas de carácter popular, relixioso, fantástico, históricas, novelescas e de encantamentos <sup>6</sup>. Logo **Mar Llinares** establece unha nova categorización lendaria, facendo alusión a mouros e mouras; encantos e tesouros coa súa simboloxía específica <sup>7</sup>. Xa neste século e finais do anterior o Equipo de Investigación “Chaira” <sup>8</sup> introduce a seguinte temática: lendas de tesouros e riquezas ocultas; lendas de mouras; lendas de encantos; lendas toponímicas;



lendas da Virxe, Santos e Santuarios; lendas do trasno e os demachiños; lendas de ánimas e agoiros; e lendas de nubeiros. Este mesmo “Equipo de Investigación” engade á temática anterior, as lendas de pozos máxicos, as de pobos e lugares desaparecidos, e as historias de meigas <sup>9</sup>. Anos despois, **Xosé Miranda** incorpora

tres novas categorías: arqueolendas, neolendas, e lendas urbanas. Nas arqueolendas, inclúe os seguintes subgrupos: mouros, mouras, encantos e tesouros; nubeiros, meigas, demos; trasnos, tardos, diaños; lobishomes, corredores; pantasma, visións, a Compañía, os paxaros da norte; pozos piago; lobos e outros. Nas Neolendas introduce as históricas (señores

### ***Santuario do San Alberte (San Breixo) ( Guitiriz).***

#### ***Ritual da fonte.***

feudais, castelos, fundadores, personaxes históricos, bandoleiros etc); as relixiosas (Cristo, a Virxe, santos, santuarios, crentes, o demo ); as de cidades asolagadas e héroes

---

<sup>5</sup>RISCO, Vicente.: “Etnografía. Cultura Espiritual”. En *Historía de Galiza dirixida por Ramón Otero Pedrayo*, t.I, Akal, Madrid, 1979, páx. 692.

<sup>6</sup>CARRÉ ALVARELLOS, Leandro.: *Las leyendas tradicionales gallegas*. Madrid: Colección Austral. Espasa-Calpe, S.A, Madrid, 1977, páx. 24 e ss.

<sup>7</sup>LLINARES, M<sup>a</sup> del Mar.: *Mouros, Ánimas, Demonios. El imaginario popular gallego*, Madrid: Akal, 1990.

<sup>8</sup>EQUIPO CHAIRA. CARNERO VÁZQUEZ, M<sup>a</sup> Ofelia; CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro; REIGOSA CARREIRAS, Antonio; SALVADOR CASTAÑER, M<sup>a</sup> de las Mercedes.: *Polavila na Ponrtenova. Lendas, contos e romances*, Lugo: Deputación Provincial, 1998

<sup>9</sup>EQUIPO CHAIRA.: *Da fala dos brañegos. Literatura oral do Concello de Abadín*, Lugo: Deputación Provincial, 2004, páxs. 28-31.

francos; e as de serpes e animais <sup>10</sup>. Finalmente, González Reborado e Mariño Ferro inclúen a seguinte distribución temática: lendas de mouros, mouras e tesouros; lendas referidas a santos e santuarios; lendas sobre lagoas e cidades asolagadas; relatos sobre lobishome; lendas sobre seres acuáticos: xacios e sereas; lendas sobre serpes; lendas de fidalgos e damas; lendas urbanas <sup>11</sup>.

## ***II.- TIPOS DE LENDAS RELIXIOSAS.***

En canto as lendas relixiosas – tema do traballo- de contidos sinxelos, tentan reflectir algúns feitos ligados ás diferentes imaxes de veneración e ao que aquelas simbolizan. Neste tipo de lendas, distingo catro modelos.



### ***Santuario do San Vitorio (Damil) (Begonte)***

#### **1º. LENDAS SOBRE A ORIXE DALGÚNS SANTUARIOS.**

#### **2º. LENDAS SOBRE O CAMBIO DE EMPRAZAMENTO DE VARIOS SANTUARIOS.**

#### **3º. LENDAS SOBRE AS PEGADAS DE ELEMENTOS SACROS NAS ROCHAS.**

#### **4º. LENDAS SOBRE VARIOS FEITOS TRANSCENDENTAIS ACAECIDOS NALGÚNS SANTUARIOS.**

### ***1º. LENDAS SOBRE A ORIXE DALGÚNS SANTUARIOS.***

---

<sup>10</sup>MIRANDA, Xosé.: *Lendas e Contos*. Cursillo dado no Cefore a finais da primeira década deste século sobre “Literatura Oral”. Tamén interviron no mesmo: Xoan Ramiro Cuba, e Antonio Reigosa.

<sup>11</sup>GONZÁLEZ REBORADO, X.M. ; MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: Palabra “Lenda”, *en Diccionario de Etnografía e antropoloxía de Galiza*, Nigratrea, Vigo, 2010, paxs. 237-238.

As lendas relixiosas de aparicións de imaxes son a manifestación dunha relación, que se establece entre unha comunidade cunha imaxe e o que representa, e ademais

cun lugar, que é o punto de encontro entre o humano e o sagrado. Estas lendas tentan conceder unha concreción ao ser sobrenatural<sup>12</sup>. Isto quere dicir que un símbolo universal corvírtese en particular polo lugar. Os lugares de aparición, moitos dos cales encóntranse alonxados das poboacións, no campo e no monte, foron valorados como lugares de culto por medio da lenda<sup>13</sup>. Nestes lugares as comunidades respectivas cambiaron o espazo, construíndo dun xeito permanente santuarios. Isto determinou a futura función de tales espazos e amosou a profunda transformación que a manifestación dunha imaxe implica. *"Inzan as léndas encol*

*das ermidas sobor da súa orixe como aparición dunha imaxe que, cando se quere levar pra outro lado, desaparece e xurde de novo no mesmo lugar, indicando os desexos de que alí sexa onde erga a ermida.."*<sup>14</sup>.



---

<sup>12</sup> VELASCO, Honorario M.: “ Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”. *En La Religiosidad popular. II. Vida y Muerte. La Imaginación Religiosa*. Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 402.

<sup>13</sup>VELASCO, Honorario M.: *Ob. Cit.*, páx. 403.

<sup>14</sup>TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Ob. Cit.*, páxs. 100-101.

## *Santuario do San Vitorio (Damil). Ritual da fonte dos panos.*

### **1.1.- LENDAS SOBRE O SANTUARIO DO SAN VITORIO DE DAMIL (BEGONTE).**

Este santuario está emprazado na freguesía do San Salvador de Damil, arciprestado de Trobo, municipio de Begonte e diócese de Mondoñedo-O Ferrol. Por medio dunha serie de lendas procúrase dar unha explicación á orixe do santuario, á fonte do santo e , tamén, a unha das peticións fundamentais hai anos, como era, a curación da sarna. Unha delas dinos *"que ao chegar o San Vitorio a este lugar sentiuse mal, cheo de sarna e ampollas, e aquí morreu, pedindo que lle construíran unha capela"* <sup>15</sup>. Agora ben, no interior da capela hai dúas imaxes do San Vitorio, que teñen un importante significado simbólico, que estaría en contradición coa anterior lenda. Así coméntase *"que o San Vitorio pequeno era leñador e tiña a sarna; por tal motivo non crecía. Despois de que se lavou na fonte recuperou a saúde e medrou, aparecendo logo o San Vitorio máis grande"* <sup>16</sup>. Por outra banda hai outra lenda que chegou aos nosos días de dous xeitos diferentes: así comentase *" que un crego que atendía a capela do San Vitorio vendeu as polas duns carballos milenarios, que había xunto a capela, e debido a eso morreu sarnoso"* <sup>17</sup>. A súa forma antitética e *"que o crego, arrepenido polo que fixo, pediu perdón, aparecendo xunto á capela unha fonte que tiña como finalidade curar a sarna"* <sup>18</sup>. Este tipo de lendas utilizábanse como barreira e ocultamento na memoria popular de antigos cultos pagáns, ligados coas fontes, cos penedos, coas árboles ... Con todo certos rituais levados a cabo ao carón dunha serie de pedras, fontes, bosques, etc, foron aproveitados polo cristianismo, sempre que o xustificasen posibles rendementos <sup>19</sup>. Polo tanto a nova relixión adaptouse na medida do posible aos cultos ancestrais coa finalidade de ganar adeptos para a súa causa, polo cal cristianizou pedras, fontes, mananciais, etc. Finalmente as lendas de aparicións de imaxes son non só a xustificación dun lugar de culto, senón tamén un contido da crenza que a comunidade asume como suplemento ao dogma católico.

---

<sup>15</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Religiosidad Popular en el Municipio de Begonte (Lugo)*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1993, páx. 89

<sup>16</sup> *Informante anónimo da cidade de Lugo.*

<sup>17</sup> *Informante anónimo de Damil (Begonte).*

<sup>18</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Santuarios da Terra Chá (Lugo)*, Vilalba ( Lugo): I.E. S. CHA. 2018, páx. 93.

<sup>19</sup>DE FRUTOS GARCÍA, Pedro.: *Leyendas Gallegas (III)*, Madrid: El Caldero de Lug. Ed. Tres-Catorce-Diecisiete, 1981, páx. 23.

### ***1.2.- LENDA SOBRE O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DE BASCUAS.***

Este santuario está situado na freguesía de San Salvador de Parga, arciprestado de Parga, municipio de Guitiriz e diócese de Mondoñedo-Ferrol. As persoas da comunidade comentan *“que hai moitos anos ao carón da fonte apareceu a Virxe, o que deu lugar a que lle puxeran o nome do lugar, e a que lle construíran unha capela.”*<sup>20</sup>.

### ***1.3.- LENDA SOBRE A CAPELA DO SAN NICOLAO DE TORRE .***

---

<sup>20</sup>*Informantes de Bascuas (San Salvador de Parga).*

Esta capela está ubicada na freguesía de Santa María de Torre, arciprestado de Terra Chá, municipio de Vilalba e diócese de Mondoñedo- O Ferrol. Esta capela foi construída probablemente no último cuarto do século XVIII tralas vicisitudes, que lle aconteceron ao capitán de fragata Diego de Pazos, natural do lugar de Penahedrade, freguesía de A Torre. Coméntase “ *que este mariño nunha das súas travesías oceánicas estivo a piques de naufragar o que deu lugar a que se ofrecese a San Nicolás, santiño que os seus pais gardaban na súa casa. Pois ben, este oficial da mariña ofreceulle ao santo construír unha capela no lugar máis alto da freguesía, se saía libre do perigo. De volta na casa, díxolle ao seu pai que lle tiña que construír unha capela ao santo no lugar máis alto, debido ao ofrecemento que lle fixera. Sen embargo, o pai non estaba polo labor, o que deu lugar a que o seu fillo cambiase pola*



*noite o santo ao novo lugar e, así, varias veces, ata que deu convencido ao seu pai de que o santo quería que lle construísen unha nova capela no lugar, que xa elixira*

*previamente o devoto”*<sup>21</sup>.

#### *Capela de Carballido (Pacios) (Begonte)*

## **2º. LENDAS SOBRE O CAMBIO DE EMPRAZAMENTO DE VARIOS SANTUARIOS.**

---

<sup>21</sup> REIGOSA CARREIRAS, Antonio.: A Ermida de San Nicolao da Torre (Vilalba). Lenda e Historia, en *Croa nº 5*, 1995, páx. 25.



Na maioría dos santuarios, nos que houbo un cambio espacial, o responsable do mesmo foi o párroco, axudado case sempre por algún veciño da freguesía. Algunhas veces, estes adoitaban levar a imaxe, que se veneraba no recinto sacro, ao novo lugar de emprazamento ás veces que fose mester, ata que os veciños da comunidade decidían construír un novo recinto sagrado no lugar de aparición, pensando que una entidade abstracta e sobrenatural era quen decidía dito cambio. Outras veces, o traslado levábase a cabo ata a igrexa da freguesía

Todo isto era recollido en lendas , que tiñan como obxectivo dar a coñecer ás diferentes comunidades a razón aparente do cambio. No obstante, os verdadeiros motivos do traslado eran, entre outros, os seguintes: 1º.- Porque o párroco quería concentrar todo o culto da freguesía na igrexa, debido ao alonxamento do santuario. 2º.- Por motivos de índole económica. 3º.- Para mellorar as estradas de acceso ó recinto sagrado. 4º.- Para que a comunidade esquecese os antigos cultos pagáns, existentes no seu lugar de orixe. De todos os xeitos o cambio espacial non era posible, ás veces, debido á presión, que exercían os vecinos do lugar. Nestes casos -segundo a lenda- a todo acto de traslado acontecíalle unha resistencia da imaxe a ser trasladada. A imaxe volvía unha e outra vez -ata tres veces- ao lugar orixinario. O seu retorno posibilitaba que o lugar fora recoñecido e valorado. Era unha manifestación de poder que fai dunha imaxe algo máis que un signo <sup>22</sup>.

### ***2.1.- LENDAS SOBRE O SANTUARIO DO SAN ANTÓN DE PADUA.***

Este santuario está emprazado na freguesía de Santiago de Felmil, arciprestado de Trobo, municipio de Begonte e diócese de Mondoñedo-O Ferrol. Hai bastantes anos que a capela antiga do San Antón estaba situada no lugar chamado do San Nicolao. Esta capela tiña uns malos accesos o que motivou que os cregos da actual “Casa de Algara” quixeran construír unha nova capela nun lugar, que tivera mellores accesos. Por tal motivo, estes cregos foron os causantes de que os santos, San Antón e San Xosé, aparecesen ao mencer nun sitio máis axeitado, de onde eran devoltos polos veciños ao seu lugar orixinario, e así unha e outra vez, ata

---

<sup>22</sup>VELASCO, HONORARIO M.: *Ob. Cit.*, páx. 408.

que a capela se construíu no lugar actual. Estes feitos consérvanse na comunidade parroquial por medio da seguinte lenda: "*da antiga capela do San Nicolao desaparecían pola noite os santos, San Antonio e S. Xosé, aparecendo pola mañá cedo no lugar actual. Os veciños devolvían os santos ao seu lugar orixinario, pero volvían aparecer no mesmo sitio á mañá seguinte, e así sucesivamente.*"<sup>23</sup>. Ademais, chegou un momento no que as portas da capela aparecían tiradas no chan. Por tal motivo os veciños de Denune facían procesións arredor da capela e rezábanlle ao santo dicindo: "*S. Nicolas, aparécete a nos que o décimo das fabas, pagámolo nos*"<sup>24</sup>. Os veciños, despois de moitas idas e venidas, acabaron construíndo unha nova capela no lugar actual. Esta lenda intenta reflectir



como o cambio foi debido á presión social exercida pola “Casa de Algara” e

*Imposicion da Reliquia  
(Feira do Monte)  
(Cospeito)*

deste xeito acadar uns mellores accesos para que os cregos da devandita casa puidesen acceder ao novo lugar de culto, situado na mesma freguesía, dunha maneira

máis cómoda.

## **2.2.- LENDA SOBRE O SANTUARIO DA VIRXE DO MONTE.**

<sup>23</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Ob. Cit.*, 1993, páx.93

<sup>24</sup>Informante de Denune (Felmil), anónimo.

Este santuario está situado na freguesía de San Xoán de Sistallo, arciprestado de Baroncelle, municipio de Cospeito e diócese de Mondoñedo-O Ferrol. Díciase *"que hai moitos anos quería-se construír unha nova capela da Virxe no centro*



*Santuario do San Cosme (Galgao) (Abadín)*

*da entidade de poboación; por tal motivo deixaban durante todo o día a imaxe da Virxe na obra, recen comezada. Ao día seguinte aparecía de novo na capela pequena do outeiro. E isto realizábase varias veces ata que se decidiu deixar a capela no lugar orixinario".*<sup>25</sup> Esta lenda tenta amosarnos a oposición veciñal existente ao traslado da Virxe do seu lugar orixinario.

### **2.3.- LENDAS SOBRE O SANTUARIO DO SAN COSME.**

Este santuario está emprazado na freguesía do San Martín de Galgao, arciprestado de Mondoñedo, municipio de Abadín e diócese de Mondoñedo-O Ferrol. Sobre o cambio de situación deste santuario hai dúas lendas diferentes:

2.3.1.- A primeira delas dinos *"que hai anos celebrábase esta romaxe nun monte chamado Os Samordás, e resultaba difícil chegar alí. A capela do San Cosme*

---

<sup>25</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Santuarios da Terra Chá (Lugo)*, Vilalba ( Lugo): I.E. S. CHA. 2018, páx.118.

*era pequena, polo que moitos devotos tiñan que marcharse sen oír misa. Un bo día o santo comezou a desaparecer da capela e aparecer noutro lugar máis fermoso e axeitado. O santo era devolto, e volvía aparecer no mesmo sitio, e así unha e outra vez ata que o párroco convenceu aos veciños do lugar de que o San*



*Cosme quería cambiarse para aquel lugar''<sup>26</sup>.*

*Santuario do San Cosme (Galgo) (Abadín). Devotos con figuras*

*de cera realizan o ritual de circunvalación ó redor do santuario.*

A razón do cambio radicaba en que o novo espacio tiña mellores accesos que o antigo. Polo tanto desde setembro do ano mil novecentos vintecinco abriuse ao culto unha nova capela, máis grandes, situada no barrio da Xesta preto da estrada N-634.

2.3.2.- A segunda fálanos *"de que despois de que o San Cosme fose trasladado á nova capela, aparecíase no lugar de Samordás. Logo, traíano de novo á capela actual, e volvía a aparecer no seu lugar de orixe sen que ninguén encontrase unha explicación ao fenómeno, de tal modo que algúns veciños comezaron a considerar a posibilidade de que o santo tivese algún motivo para opoñerse a su traslado a nova capela"*

<sup>27</sup>. Da primeira lenda deducimos como o crego do santuario deuse conta de que alí non era bo lugar paracelebrar unha romaxe, xa que para chegar a ese sitio había que ir polo monte, debido á falta de camiños. De aí que en aparencia o crego fose o responsable directo do traslado do santo dun lugar a outro por motivos relixiosos e humanos

<sup>26</sup>Informante de Samordás: José Ares Cabanela.

O equipo de Investigación Chaira composto por: CARNERO VÁZQUEZ, M<sup>a</sup> Ofelia; CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro; REIGOSA CARREIRAS, Antonio; SALVADOR CASTAÑER, M<sup>a</sup> de las Mercedes

<sup>27</sup>*Ibidem.*

preferentemente. No obstante algúns fregueses do lugar manifestaban o seguinte: "podemos dicirlle que o San Cosme encóntrase na mesma parroquia mais non é o mesmo barrio. Este San Cosme é procedente de Samordás. Neste novo lugar construíron a capela catro señores muy ricos, que facían o que querían da parroquia, mentres os pobres non contabamos

*Santuario do San Cosme (Galgao) (Abadín). Ritual da procesión.*



para nada"  
<sup>28</sup> . Polo  
tanto desta  
nova  
referencia,  
sacamos  
unha

consecuencia básica, consistente en que o párroco e algunhas persoas da parroquia, pertencentes a un nivel socio-económico superior, tiñan unha relación importante na toma de certas decisións, algo moi corrente naqueles intres en case todas as parroquias galegas. Da segunda lenda deducimos que algún veciño ou veciños do lugar de Samordás repoñían o santo no seu lugar orixinario. Isto viña a reflectir a oposición veciñal ao traslado do santo

**2.4.- LENDA SOBRE O SANTUARIO DO SAN ADRIÁN E SAN XIÁN.**

---

<sup>28</sup>*Ibiden.*

Este santuario está situado na freguesía de Pacios, arciprestado de Begonte, municipio de Begonte, diócese de Mondoñedo-O Ferrol. Sobre o cambio de emprazamento deste santuario hai a seguinte lenda: *"hai bastantes anos, na campa de Carballido, apareceron as imaxes de San Xulián e San Adrián. Os veciños dese lugar volvéronas ao sitio de orixen, pero como en días sucesivos seguiron aparecendo no mesmo lugar, decidiron construír alí unha nova capela para darlles culto"*<sup>29</sup>. Esta lenda intenta narrar o cambio de situación do recinto sagrado, que inicialmente estaba situado no vilar do San Xulián, e na actualidade encontrase na mencionada campa, distante un quilómetro e medio do seu lugar orixinario. Agora ben, a verdadeira razón do cambio de situación da capela, segundo algunhas informacións de persoas de bastante idade do lugar, foi a




*Capela de Carballido (Pacios) ( Begonte) . Imaxes do San Adrián e San Xián*

---

<sup>29</sup>Informantes de Carballido (Pacios): Cómpre distinguir a Manolo Ferreiro, José Prado.

seguinte <sup>30</sup>: “a antiga capela encontrábase situada nun lugar, propiedade da familia de Campos e dunhas persoas da vila de Viveiro, que venderon a súa parte a Antón de María, do lugar de Rañal (Pacios). Nesta capela venerábase ao San Xián e ao San Adrián. A súa festividade tiña lugar o sete de xaneiro. Ese día os devotos deixaban as propiedades existentes ao redor da capela nun estado calamitoso. Isto motivou que os donos de ditas propiedades decidisen trasladar a capela para outro lugar, polo cal levaron de noite as imaxes



de ambos os dous santos para a campa de Carballido”. Quizais a iñorancia dalgúns persoas do lugar e a influencia socio-económica dos donos das propiedades, nas que se encontraba a antiga capela, persuadiron aos veciños desa comunidade, para que construíran unha nova capela no lugar de aparición de ámbas as dúas imaxes.

*Capela de Carballido (Pacios). Ritual do oco no chan.*

## **2.5.- LENDA SOBRE O SANTUARIO DO SAN VITORIO.**

Este santuario está emprazado na freguesía do San Salvador de Damil, arciprestado de Trobo, municipio de Begonte e diocese de Mondoñedo-O Ferrol. Hai anos o párroco de Damil tentou trasladar a imaxe do San Vitorio para a igrexa da freguesía preferentemente por dous motivos: por unha banda, para concentrar todo o culto parroquial na igrexa, e por outra porque a capela quedaba un pouco distante da antiga rectoral. De todos os xeitos este traslado non foi posible debido á oposición veciñal que houbo na freguesía. Este feito quedou reflectido na comunidade por medio da seguinte lenda: "*Aquí era muy molesto vir a celebrar misa*

---

<sup>30</sup> “ “ “ “ : É mester facer mención a José Prado Babeito e a Domingo dos Carrachos.

*e, según dicían, o cura párroco levou ó santo pra arriba nunha carroza tirada por dúas vacas, e as seis da mañá apareceu o santo no lugar orixinario outra vez''* <sup>31</sup>

## **2.6.- LENDA SOBRE O SANTUARIO DO SAN XIÁN.**

Este santuario está situado na freguesía do San Pedro Fiz de Baltar, arciprestado de



Azúmara, municipio de A Pastoriza e diocese de Mondoñedo- Ferrol. A nivel popular hai a seguinte lenda que tenta explicar o emprazamento actual do santuario do S. Xián (S. Julián). “ *Hai moitos anos algúns veciños de Baltar encontraron a imaxe do santo a carón da fonte e levárona para a igrexa parroquial, lugar onde se atopaba. Logo seguiu aparecendo varias veces no mesmo lugar, e os veciños volvíana a traer para a igrexa, ata que decidiron construír lle unha capela no lugar de aparición*” <sup>32</sup>.

*Capela do San Xián  
(Baltar) (A Pastoriza). Ritual de*

*“Poñer o Santo.”*

## **2.7.- LENDA SOBRE A CAPELA DE XOIBÁN.**

Esta capela está emprazada na freguesía de San Salvador de Xoibán, municipio de Vilalba e diocese de Mondoñedo-O Ferrol. Comentase, a nivel de tradición oral, “ *que*

<sup>31</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Religiosidad Popular en el Municipio de Begonte (Lugo)*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1993, páx. 89.

<sup>32</sup> Informante: Emérito Darriba Castro. .



*o santo da Capela de Xoibán desaparecía da “Capela das Fontes” de Gaibor (Begonte) e aparecía no monte, no lugar que hoxe ten a capela en Xoibán. Traiano de volta, e de novo volvía a aparecer no monte, e así varias veces, ata que decidieron construírle unha capela nese lugar quedando alí ata os nosos días”* <sup>33</sup>.

### **3º. LENDAS SOBRE AS PEGADAS DE ELEMENTOS SACROS NAS ROCHAS.**



#### **3.1.- SANTUARIO DO SAN ROQUE.**

Está emprazado na freguesía de San Paio de Arcillá, arceprelado da Terra Chá, municipio de Cospeito e diócese de Mondoñedo- O Ferrol. Coméntase dende sempre “ *que preto da capela do Santo hai uns penedos provistos duns pequenos buratos, que os lugareños sempre asociaron as pegadas do can de San Roque*”<sup>34</sup>.

*Capela do San Xián (Baltar) (A Pastoriza). Ritual da fonte dos panos.*

Este tipo de pegadas é algo que se manifesta en moitos lugares non só do Estado español senón tamén doutros lugares do mundo . “*Las leyendas actuales sobre las supuestas huellas que seres sobrenaturales o heroicos dejaron impresas en toda la geografía mundial...atestiguan la asombrosa capacidad de adaptación y la potencia migratoria de unos mismos tipos de discurso, que son sentidos como propios y locales por cada*

<sup>33</sup> CUBA, X.R.; REIGOSA, A.: “Xeografía mítica da provincia de Lugo (I). Cen lugares con lenda”, en *Croa*, nº 8, 1998, pp.42-63.

<sup>34</sup> VIVEIRO VEIGA, Orlando.: “ Camiño do San Roque da Costa”, na *Pena do Encanto*, 2015, I.E.S.CH.A, 2015, Vilalba, páx. 21.

*comunidad, por más que sean, en el fondo, pruebas del carácter universal, híbrido y compartido de la cultura”<sup>35</sup>.*

#### **4º. LENDAS SOBRE ALGÚNS FEITOS TRANSCENDENTAIS LIGADOS A SANTUARIOS.**

##### **4.1.- LENDAS SOBRE O SANTUARIO DO SAN ALBERTE.**

Este santuario está situado na freguesía de San Breixo de Parga, arciprestado do San Estevo de Parga, municipio de Guitiriz e diócese de Mondoñedo- O Ferrol.



4.1.1. Comentase  
“ *que hai moitos  
o día do San  
Alberto veu un  
devoto cun  
bastón na mao.  
Entrou na  
capela e mirou  
un rato para ao  
santo, que  
sujetaba ao  
demo con una  
cadena. Logo*


*Santuario do San Alberte (San Breixo) (Guitiriz). Ritual de contacto.*

*acercouse ao santo e díxolle ao diabloe: ¡Desgraciado, que fas; ¡Baja dese lugar; Al mismo tiempo deulle cun bastón que traía. (Hai outra versión que di que lle quixo meter o bastón na boca). De súpeto, quedou xunguido ao maléfico polo bastón. Algúns devotos e familiares que estaban a su lado tiraban del sin darlo apartado. Polo tanto, decidiron ir á sacristía e chamar polo cura, que acudiu cun libro de desconxuros. Dicen*

<sup>35</sup>PEDROSA, José Manuel.: *La Leyenda*. Tema 11. Alcalá de Henares. ISBN. 84-9822-110-2. páx. 9.

*que estuvo case hora e media lendo cousas que ninguno conseguiu entender hasta que o home logrou soltarse a modiño , recuperando su estado normal.”<sup>36</sup> .*

4.1.2. Tamén se comenta “ que *un paisano, emigrante nun país hispanoamericano, veu de vacacións a súa casa a pasar una temporada. Días despoés de su llegada*



*acudiu á romaxe do San Alberto, lucindo unha vistosa caballería, entrando con ella na capela. Esta actitude de desprecio e falta de respecto, deu*

*lugar a que varios devotos*

*Santuario do San Alberte (San Breixo) (Guitiriz). Ritual da procesión.*

*lle pechasen o paso tentando por tódolos medios posibles que sacase a cabalería do recinto sacro. Sin embargo, non foi posible xa que o animal estaba quieto, como clavado no chan. Ante este prodigio, el cura del santuario hizo una súplica al santo, estando presentes un buen número de devotos. Parece ser que el animal luego consiguió moverse y ser sacado del santuario”<sup>37</sup> .*

Como se pode apreciar, as dúas narracións están orientadas a indicar, por unha banda, o especial poderío do lugar sagrado e o seu santo e, pola outra, sirven de advertencia para que os romeiros sexan sumisos á orde sacral, arriscándose, no caso contrario, a sufrir un castigo pola súa impertinencia. Posiblemente estes exemplos difundidos por vía oral sexan un mecanismo encamiñado a que a igrexa oficial, representada polo crego nas dúas narracións, manteña o seu control sobre as tendencias

<sup>36</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Ob. Cit.*, 1993, paxs. 106-107.

<sup>37</sup>*Ibiden.*


a que a xente introduza por conta propia actitudes pouco axeitadas dende unha perspectiva ortodoxa.

#### **4.2.- LENDAS SOBRE O SANTUARIO DA VIRXE DOS MILAGRES DE SAAVEDRA.**

Está situado na freguesía de Santa María de Saavedra, arciprestado de Trobo, municipio de Begonte e diócese de Mondoñedo – O Ferrol. O santuario conta coas correspondentes narracións orais encamiñadas a amosar o poderío da Virxe dos Milagres. As máis espalladas son catro, das que damos un resumo a seguir:

*4.2.1. “En tempos da francesada, no ano 1809, os invasores tentaron entrar no templo cos seus cabalos para alí pasar a noite. Pero víronse sorprendidos, xa que, malia reiteradas insistencias, non conseguiron penetrar e profanar o templo, proba da protección sacra de que gozaba este lugar, reservado como morada da Virxe ”<sup>38</sup>.*

*4.2.2. “O señor de Vilaguisada tiña un criado que saiu unha noite a beber cuns coñecidos. Éstes matárono e o deixaron diante da porta do curral do seu amo. A xustiza levou preso ao señor de Vilaguisada como autor do crime, negando éste tal*



*feito. Antes de ser xulgado, pediu ir rezar á Virxe dos Milagres, séndolle concedida tal petición. Entón, indo polo camiño real, pasaron diante dun lugar chamado Fontetián, onde naquel tempo había*

*unha fonte ligada ao*

*Santuario da Virxe dos Milagres (Saavedra) (Begonte). Exvotos de cera.*

*culto á Virxe. Neste lugar pediu aos seus gardas que lle deixasen beber, ao que estes accederon. Isto deu lugar a que as cadeas coas que viña preso caesen aos seus pés.*


<sup>38</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Ob. Cit.*, 2018, paxs. 77-78.

*Pero os gardas volveron poñerllas, sendo conducido ao santuario. Alí, ao rezar as primeiras oracións, volvéronlle caer as cadeas, quedando deste xeito, para confusión dos seus acusadores e sen necesidade de xuízo, demostrada a súa inocencia. Este señor, logo de varios anos, morreu, sendo enterrado no lado esquerdo do altar. Díse que o día do seu enterro a comitiva cubría unha distancia de tres quilómetros”<sup>39</sup>.*

*4.2.3. “ Nunha casa chamada do Pozo, preto do santuario, declarouse un incendio nun palleiro situado na eira. As lapas eran tan considerables que ameazaban con propagarse a cinco medas. Un membro da familia, ante a posibilidade de quedar sen colleita de gran aquel ano, acudiu á rectoral, rogando ao párroco que lle deixase levar a imaxe da Virxe ata a súa casa. Obtido o permiso e levada a Virxe ao lugar do incendio, o vento cambiou de dirección, cesando o perigo de propagación do lume”<sup>40</sup>.*

*4.2.4. “En tempos da francesada, no ano 1809, os membros da comunidade parroquial gardaron a coroa da Virxe baixo un montón de follas secas no lugar das Revoltas, preto do santuario. Segundo a tradición, os franceses estiveron percorrendo os arredores do recinto sacro na procura da devandita coroa mariana. Logo da súa marcha, os paisanos da comunidade atoparon a coroa da Virxe baixo a restreba na que fora ocultada.*

Os tres primeiros feitos están reflectidos nunha serie de cantos, que se lle dedican á Virxe no seu novenario.



*Santuario da Virxe dos Milagres (Saavedra) (Begonte). Ritual*

<sup>39</sup>BLANCO PRADO, José Manuel.: *Ob. Cit.*, 2018, páx. 78.

<sup>40</sup>*Ibiden.*

*de circunvalación, de xeonllos, ó redor do Santuario.*

## CANTOS A LA VIRGEN DE LOS MILAGROS

*Vos sois sol y luna hermosa  
de más alta luz origen,  
ruega por nosotros, Virgen,  
Reina y Madre Milagrosa.*

*Devuelves la libertad  
que pide con ansiedad  
de rodillas a tus plantas  
al que gime prisionero.  
Y sus cadenas quebrantas  
con virtud prodigiosa.*

*En este mismo lugar,  
han visto con excelencia  
que por vuestra sola presencia  
los incendios se apagaron.  
Escucha, pues, tu cantar,  
Madre mía bondadosa.*

*En este lugar dejaste  
tu imagen consoladora,  
en Saavedra, ¡oh, gran Señora;  
parece que señalaste  
el punto donde enseñaste  
ser Vos sola Milagrosa.*

*Cuando el impío francés*

*profanar quiso este templo  
llevó gran lección y ejemplo  
sujetándole los pies,  
para que conozcan quien es  
la que es grande y poderosa.*

*Los romeros a millares,  
vienen a ver el portento,  
por sus devociones singulares  
les dan gracias especiales.  
Y cantan emocionados  
¡ Salve Virgen Milagrosa!*

#### **4.3.- LENDA SOBRE O SANTUARIO DA VIRXE DO MONTE .**

Este santuario está situado na freguesía de Santa María da Feira do Monte, arciprestado de Baroncelle, concello de Cospeito e diócese de Mondoñedo- O Ferrol.

- **LENDAS SOBRE A VIRXE E A LAGOA DE COSPEITO.**

Entre as lendas populares referidas ás orixes das lagoas en Galicia, evocando a míticas cidades asolagadas, a de Cospeito vincúlase coa aparición da Virxe por estas



*Santuario da Virxe dos Milagres (Saavedra)*

*(Begonte). Ritual da procesión.*

latitudes da Chaira lucense. Daquela a vila de Valverde ou Beria afundírase nas augas, porque os seus habitantes non deran pousada a Nai de Deus. O relato tradicional, con versións distintas sobre o mesmo argumento, foi recollido por autores da talla do licenciado Bartolomé S. de Molina, frei Felipe de la Gándara, Manuel Murguía, Leandro Carré ou José María Castroviejo.

Unha das variantes da lenda cóntase do seguinte xeito:

*“ Onde se atopa a lagoa de Cospeito houbo hai moitos anos unha vila chamada Valverde. Os seus habitantes tiñan, en xeral, non poucas riquezas. Un bo día chegou á localidade un pobre e pediu pousada para pasar a noite. Como ninguén lle dese acubillo, saíu da vila e foi cara a unha casa, situada no que hoxe é a Feira do*



*Monte, onde vivía unha familia moi humilde, que non só o acolleu moi ben, senón que tamén compartiu co mendigo as poucas viandas que tiñan para cenar. Ó día seguinte, o pobre ergueuse cedo e chamou ó dono da casa para que muxise as vacas e, deste xeito, poder tomar un pouco de leite. O home da casa, estrañado pola petición insistente do mendigo, debido a que non tiña vacas, decidiu achegarse á corte, onde atopou unha gran cantidade de tenreiros e vacas, que case non collían no local. O home, abraiado mais asemade contento,*

*Santuario da Virxe dos Remedios (Ladra ) (Vilalba).*

*volveu a casa para dar conta do suceso. Pero aquel pobre xa desaparecera. Ó mesmo tempo, o home puido contemplar como a vila de Valverde quedara asolagada e, ademais, como no cume dun outeiro, preto da súa casa, aparecía unha capela coa imaxe dunha Virxe no seu interior, que por encontrarse en tal lugar recibiu o nome*



*da Virxe do Monte. E ó pouco deses sucesos moitos comentaban que aquel mendigo era a mesma Virxe Maria disfrazada.*<sup>41</sup>.

#### **4.4. LENDA SOBRE O SANTUARIO DA VIRXE DOS REMEDIOS.**

Este santuario está emprazado na freguesía de San Salvador de Ladra, arciprestado de “A Terra Chá”, municipio de Vilalba, e diócese de Mondoñedo-Ferrol.

O incendio que sufriu hai anos a capela antiga dos Remedios deu lugar a unha serie de comentarios e transmisións, que co tempo foise convertendo nunha lenda. Así faise alusión “ *a que cando arderon os bancos da capela, o lume se detivo ao carón do altar, quedando intactas as súas imaxes de devoción*”<sup>42</sup>. Isto viuse dalgun xeito como sinal importante para fomentar e consolidar a fe dos numerosos devotos, que concurren a esta romaxe.



*Santuario da Virxe dos Remedios (Ladra) (Vilalba). Ritual de “Poñer o Santo”.*

---

<sup>41</sup> LOUSA RODRÍGUEZ, Manoel.: *O Santuario da Nosa Señora do Monte*, Feira do Monte-Cospeito (Lugo): Servicio Publicacións Deputación Provincial de Lugo. 1996, páx. 34.

<sup>42</sup>POLIN, Ricardo.: *Escritos na Floresta. Árbores senlleiras na cultura chairega*, Vilalba: I.E.S.CH. (Instituto de Estudos Chairegos), 2015, páx. 47.

Dende unha óptica popular os feitos transcendentais ou milagres son o reflecte de entes suprafísicos e intanxibles, dotados dun poder extraordinario, aos que accede o ser humano non por unha vía racional senón por un acto de fe. Estes , logo de escoitar os lamentos e súplicas terrenais, encárganse de resolver as necesidades de distinta índole polas que pasa o ser humano ao longo da súa vida debido as súas carencias e deficiencias. “ *El santo hace milagros, porque es santo*”<sup>43</sup>. Polo tanto, non resulta estraño pensar que o territorio de gracia ou a influencia dos santuarios esté ligada a fama milagreira, que van acadando as súas imaxes de devoción. “ *La fe de que ciertos lugares son privilegiados por Dios o por los dioses en su actuar extraordinario es una realidad fundamental del hecho religioso en si mismo*”<sup>44</sup>.

Así, o milagre pode chegar a ser a concreción positiva dun acto de fe polo que se relacionan o beneficiario dunha gracia e, ás veces, o inductor da invocación ao santo, que canaliza a concesión<sup>45</sup>. Ademais, a participación da entidade sacra nunha comunidade transmite santidad á totalidade da mesma<sup>46</sup>.

Finalmente, o valor de conformidade destas lendas non podería ser discutido sen cuestionar o mesmo tempo a credibilidade da comunidade. “A comunidade convírtese en testemuña comprometida dunha verdade de fe local, particularizada”<sup>47</sup>.

### **III. BIBLIOGRAFÍA.**

---

<sup>43</sup> MUÑOZ FERNÁNDEZ, Angela.: “ El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en *La Religiosidad Popular. VI. Antropología e Historia*, Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 169.

<sup>44</sup>DÍEZ TABOADA, Juan María.: “La significación de los Santuarios”, en *La Religiosidad Popular. Vol. III. Hermandades, Romerías y Santuarios*. Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 274.

<sup>45</sup> MUÑOZ FERNÁNDEZ, Angela.: “ El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en *La Religiosidad Popular. VI. Antropología e Historia*, Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 177.

<sup>46</sup> MIURA ANDRADES, José María.: “Milagros, beatas y fundaciones de Conventos”, *En La Religiosidad popular. V. II. Vida y Muerte. La Imaginación Religiosa*. Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 455.

<sup>47</sup> VELASCO, Honorario M.: “ Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”. *En La Religiosidad popular. II. Vida y Muerte. La Imaginación Religiosa*. Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 402.

BLANCO PRADO, José Manuel.: *Religiosidad Popular en el Municipio de Begonte (Lugo)*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1993.

BLANCO PRADO, José Manuel.: *Santuarios da Terra Chá (Lugo)*, Vilalba ( Lugo): I.E. S. CHA. 2018.

CARRÉ ALVARELLOS, Leandro.: *Las leyendas tradicionales gallegas*. Madrid: Colección Austral. Espasa-Calpe, S.A, Madrid, 1977.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Guía para visitar los Santuarios Marianos de Galicia*. Vol. 2 de la Serie : “María en los pueblos de España”. Ed. Encuentro, Madrid, 1989.

CUBA, X.R.; REIGOSA, A.: “Xeografía mítica da provincia de Lugo (I). Cen lugares con lenda”, *en Croa, n° 8*, 1998.

DE FRUTOS GARCÍA, Pedro.: *Leyendas Gallegas (III)*, Madrid: El Caldero de Lug. Ed. Tres-Catorce-Dieciséte, 1981.

DÍEZ TABOADA, Juan María.: “La significación de los Santuarios”, en *La Religiosidad Popular. Vol. III. Hermandades, Romerías y Santuarios*. Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989.

EQUIPO CHAIRA. CARNERO VÁZQUEZ, M<sup>a</sup> Ofelia; CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro; REIGOSA CARREIRAS, Antonio; SALVADOR CASTAÑER, M<sup>a</sup> de las Mercedes.: *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*, Lugo: Deputación Provincial, 1998.

EQUIPO CHAIRA.: *Da fala dos brañegos. Literatura oral do Concello de Abadín*, Lugo: Deputación Provincial, 2004.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Lendas Galegas de Tradición Oral*, Vigo: Galaxia, 1983.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. ; MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: Palabra “Lenda”, *en Diccionario de Etnografía e antropoloxía de Galiza*, Nigratrea, Vigo, 2010.

LOUSA RODRÍGUEZ, Manoel.: *O Santuario da Nosa Señora do Monte*, Feira do Monte-Cospeito (Lugo): Servicio Publicacións Deputación Provincial de Lugo. 1996.

LLINARES, M<sup>a</sup> del Mar.: *Mouros, Ánimas, Demonios. El imaginario popular gallego*, Madrid: Akal, 1990.

MIRANDA, Xosé.: *Lendas e Contos*. Cursillo dado no Cefore a finais da primeira década deste século sobre “Literatura Oral”. Tamén interviron no mesmo: Xoan Ramiro Cuba, e Antonio Reigosa.

MUÑOZ FERNÁNDEZ, Angela.: “ El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en *La Religiosidad Popular. VI. Antropología e Historia*, Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989.

PEDROSA, José Manuel.: *La Leyenda*. Tema 11. Alcalá de Henares. ISBN. 84-9822-110-2.

REIGOSA CARREIRAS, Antonio.: A Ermida de San Nicolao da Torre (Vilalba). Lenda e Historia, en *Croa n° 5*, 1995, páx. 25.

RISCO, Vicente.: “Etnografía. Cultura Espiritual”. En *Historía de Galiza dirixida por Ramón Otero Pedrayo*, t.I, Akal, Madrid, 1979, páx. 692.

TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páxs. 182-183.

VELASCO, Honorario M.: “ Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”. En *La Religiosidad popular. V. II. Vida y Muerte. La Imagen Religiosa*. Coordinadores: ÁLVAREZ SANTALÓ, C; BUXÓ, María Jesús; y RODRÍGUEZ BECERRA, S. Anthropos. Barcelona, 1989.

VIVEIRO VEIGA, Orlando.: “ Camiño do San Roque da Costa”, *na Pena do Encanto*, 2015, I.E.S.CH.A, 2015, Vilalba.

*IV. OUTRAS ILUSTRACIÓNS.*



*Santuario do San Cosme (Galgao) (Abadín). Figuras de cera (de homes e de animais).*



*Santuário do San Alberte (San Breixo) (Guitiriz). Posto de Exvotos de cera.*



***SANTUARIO DO SAN COSME (GALGAO) (ABADÍN. CANDEAS DA MESMA ALTURA QUE A DOS OFRENDANTES.***



***SANTUARIO DO SAN COSME (GALGAO). RITUAL DE “POÑER O SANTO”***



*CAPELA DE SAN ANTÓN DE DENUNE (FELMIL) (BEGONTE)*





*O SAN ANTÓN DE DENUNE (FELMIL) (BEGONTE)*



***SANTUARIO DO SAN VITORIO (DAMIL) (BEGONTE). IMAXES DO SAN VITORIO E DA VIRXE***



***SANTUARIO DOS MILAGRES (SAAVEDRA) (BEGONTE). RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN, DE XEONLLOS, Ó CARÓN DO SANTUARIO.***



*SANTUARIO DA VIRXE DE BASCUAS (SAN SALVADOR DE PARGA)  
(GUITIRIZ)*



***SANTUARIO DE BASCUAS (SAN SALVADOR DE PARGA) (GUITIRIZ). RITUAL DE “POÑER O SANTO”.***